

CIRCULAR 82-2023.

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO E SUB 23

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PROBAS COMBINADAS

ABSOLUTO, SUB 23 E SUB 20

- A todas as delegacións da F.G.A.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo coa colaboración do Concello de Santiago de Compostela, organiza o Campionato Xunta de Galicia Absoluto e Sub 23 o día 17 de xuño e o Campionato Xunta de Galicia de Probas Combinadas Sub 20, Sub 23 e Absoluto os días 17 e 18 de xuño de 2023, a celebrar nas pistas da Universidade de Santiago de Compostela.

Art.2).- Poderán participar atletas dende Sub 16 en adiante con licenza na presente tempada pola FGA*.

- Número máximo de atletas por proba e marcas mínimas de inscrición:

| | Número máximo de absolutos por proba | Nº prazas Sub 23 garantidas** | MARCAS MÍNIMAS para a REALIZACIÓN DE INSCRICIÓN | | | |
|--------------|--------------------------------------|-------------------------------|---|----------|------------|------------|
| | | | HOMES | | MULLERES | |
| | | | Absoluta | Sub 23 | Absoluta | Sub 23 |
| 100 | 24 | 8 | 11.86 | 12.06 | 13.90 | 14.22 |
| 200 | 24 | 8 | 24.18 | 24.63 | 28.47 | 29.14 |
| 400 | 24 | 8 | 53.76 | 54.75 | 1:05.95 | 1:07.67 |
| 800 | 20 | 10 | 2:06.95 | 2:09.29 | 2:36.61 | 2:40.58 |
| 1500 | 24 | 12 | 4:23.52 | 4:28.69 | 5:28.39 | 5:37.40 |
| 5000 | 16 | 8 | 16:15.26 | 16:35.04 | 20:38.27 | 21:14.95 |
| 3000 | | | 9:28.67 | 9:40.22 | 11:53.87 | 12:14.57 |
| 10000 | | | 34:39.93 | 35:25.49 | 43:47.92 | 45:07.62 |
| 110v/100v | 24 | 8 | 16.94 | 17.32 | 17.72 | 18.24 |
| 400v | 16 | 8 | 1:02.35 | 1:03.76 | 1:16.36 | 1:18.64 |
| 3000 Obst. | 16 | 8 | 10:47.14 | 11:03.02 | 13:56.56 | 14:25.23 |
| 5 km Marcha | 16 | 8 | 26:26.00 | 27:16.00 | 29:40.00 | 30:38.00 |
| 10 km Marcha | | | 54:23.00 | 56:02.00 | 1:01:01.00 | 1:02:59.00 |
| Altura | 12 | 8 | 1.64 | 1.58 | 1.36 | 1.31 |
| Pértega | 12 | 8 | 3.33 | 3.14 | 2.64 | 2.48 |
| Lonxitude | 12 | 8 | 6.19 | 5.95 | 4.85 | 4.61 |
| Triplo | 12 | 8 | 12.56 | 12.07 | 9.85 | 9.34 |
| Peso | 12 | 8 | 9.52 | 8.67 | 8.60 | 7.79 |
| Disco | 12 | 8 | 29.27 | 26.51 | 28.75 | 26.00 |
| Martelo | 12 | 8 | 34.58 | 31.29 | 33.01 | 29.87 |
| Xavelina | 12 | 8 | 37.40 | 33.83 | 28.57 | 25.83 |

*A dirección técnica da FGA poderá admitir a participación de atletas con licenza nacional por outras autonomías, sempre e cando non supoña deixar fora a atletas con licenza FGA, debendo abonar a cota de inscrición de 10 euros por atleta unha vez admitidos ([ligazón de pagamento aquí](#)). Nas probas con semifinais non poderán acceder ás finais, mentres que nos concursos só poderán acceder á mellora no caso de non quitar praza a atletas con licenza FGA.



******Aqueles atletas Sub 23 que non accedan ó campionato dentro do cupo de participación absoluta, serán admitidos ata completar o número de prazas garantidas para atletas Sub 23, sempre e cando acaden a marca mínima de inscrición para a súa categoría. Aclaracións a este respecto:

- Esta vía de acceso non reduce o número máximo de absolutos por proba.
- Os atletas Sub 23 que accedan como absolutos contabilizan tamén dentro das prazas Sub 23 garantidas.

Limitacións atletas Sub 16 e Sub 18:

- Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas (a remuda non computa).
 - No caso de participar en 2 carreiras, só unha poderá superar os 200 metros.

Nas probas combinadas poderán participar as 6 mellores mulleres e os 6 mellores homes de cada categoría.

- Segundo acordo da Asemblea, só poden participar atletas que acrediten, dende o 1 de xaneiro de 2022, rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen e que, dentro de eses rexistros, se acredite marca nun mínimo de unha carreira, un salto e un lanzamento.
- Deberán acreditar, ben con marca de probas combinadas ou por sumatorio de probas individuais, un mínimo de 2723 puntos en mulleres e de 3500 puntos en homes.
- Os atletas que participen nas probas combinadas non poderán participar nas probas individuais.

Nas remudas poderá participar 1 equipo feminino e 1 equipo masculino por entidade. Permítese 1 participación dun club asociado, sempre que principal e asociado non participen na mesma proba.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://sdp.rfea.es/>) ata as 20:00 horas do luns 12 de xuño.

- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2022 e 2023.
- Aqueles atletas que, **non tendo marca en probas combinadas ó aire libre**, queiran realizar a inscrición por suma de puntos nas probas individuais, realizadas estas a partir do 1 de xaneiro de 2022, deberán, **a maiores da inscrición na SDP**, cubrir e remitir a direcciontecnica@atletismo.gal o documento "Sumatorio Combinadas" publicado na web ([pode acceder premendo aquí](#)).

Art.4).- Prazos de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do mércores 14 de xuño.
 - Aqueles atletas que, pasado este prazo, sexan admitidos, terán ata as 10:00 horas do xoves 15 de xuño para cursar as baixas.

Art.5).- Nos lanzamentos e saltos horizontais haberá mellora.

- Á mellora pasan as 8 mellores marcas absolutas, garantíndose, ademais, a presenza das 3 mellores marcas Sub 23. No caso de que algún atleta Sub 23 acceda a dita mellora polo cupo da súa categoría, de forma que non acadase por si mesmo praza entre os 8 mellores absolutos, só poderá competir por mellorar a súa clasificación na súa categoría, non así a nivel absoluto.

Art.6).- Distancias das táboas de batida no triplo:

- Mulleres: 9, 11 e 13 m.
- Homes: 11 e 13 m.

Art.7).- Cadencias nos saltos verticais.

As cadencias publicaranse unha vez exposta a listaxe definitiva de participantes.

Art.8).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Na proba de marcha deberán levar 2 dorsais (no peito e nas costas).

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.9).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba, agás na proba de xavelina feminina, para a que pechará 1h30' antes do seu inicio.

Art.10).- Cámara de chamadas.

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

| SAÍDA A PISTA | |
|--|-----|
| Minutos antes da hora oficial da proba | |
| Carreiras e marcha | 7' |
| Valos e remudas | 10' |
| Concursos | 20' |
| Pértega* | 35' |

*No caso de haber máis de 8 atletas admitidos, a saída a pista realizarase 50' antes da hora oficial da proba.

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Art.11).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas ulteriores da competición, incluídas aquelas nas que estea participando nese intre, nos seguintes casos:

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa nos prazos establecidos no artigo 4 do presente regulamento, non tome parte da mesma.
- Estando clasificado para unha ronda posterior, non tome parte da mesma.

A FGA poderá permitir a participación final nos casos en que a situación atenda a razóns xustificadas.

Art.12).- Horario provisional



CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO E SUB 23 – XORNADA DE MAÑÁ

| HORA | CARREIRA | ALTURA | TRIPLO | LANZ. LONGOS | PESO |
|-------|-----------------------|--------|----------------------------|----------------------------------|---------------------------|
| 10:00 | 5000 Marcha H-M* | | | Xavelina Homes Absoluta e S23 | |
| 10:35 | 5000 Mulleres | | | | |
| 10:40 | | Homes | | | |
| 10:45 | | | Mulleres Absoluta e Sub 23 | | |
| 10:55 | 5000 Homes | | | | |
| 11:15 | 110 mv Homes Semis | | | | |
| 11:30 | 100 mv Mulleres semis | | | Xavelina Mulleres Absoluta e S23 | Peso Homes Absoluta e S23 |
| 11:45 | 100 Homes Semis | | | | |
| 12:00 | 100 Mulleres Semis | | | | |
| 12:10 | | | | | |
| 12:20 | 400 Mulleres Finais | | | | |
| 12:35 | 400 Homes Finais | | | | |
| 12:45 | | | Homes Absoluta e Sub 23 | | |
| 12:55 | 110 Mv Homes Final | | | Disco Mulleres Absoluta e Sub 23 | |
| 13:05 | 100 mv Mulleres Final | | | | |
| 13:15 | 1500 Homes Final | | | | |
| 13:30 | 1500 Mulleres Final | | | | |
| 13:45 | 100 ml Homes Final | | | | |
| 13:55 | 100 ml Mulleres Final | | | | |

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO E SUB 23 – XORNADA DE TARDE

| HORA | CARREIRA | PÉRTEGA | LONXITUDE | LANZAMENTOS | ALTURA |
|-------|------------------------|----------|----------------------------|------------------------------------|----------|
| 17:00 | 200 Semf Homes | Mulleres | | Disco Homes Absoluta e Sub 23 | Mulleres |
| 17:05 | | | Homes Absoluta e S23 | Peso Mulleres Absoluta e S23 | |
| 17:20 | 200 Semf Mulleres | | | | |
| 17:55 | 400 mv Finais Homes | | | | |
| 18:15 | 400 mv Finais Mulleres | | | | |
| 18:25 | | | | Martelo Mulleres Absoluta e Sub 23 | |
| 18:30 | 800 Finais Homes | | | | |
| 18:45 | 800 Finais Mulleres | | | | |
| 19:00 | 200 Final Homes | Homes | Mulleres Absoluta e Sub 23 | | |
| 19:10 | 200 Final Mulleres | | | | |
| 19:20 | 3000 Obs Homes | | | | |
| 19:40 | 3000 Obs Mulleres | | | | |
| 20:00 | 4x100 Homes | | | Martelo Homes Absoluta e Sub 23 | |
| 20:15 | 4x100 Mulleres | | | | |
| 20:30 | 4x400 Homes | | | | |
| 20:40 | 4x400 Mulleres | | | | |

- As probas combinadas realizaranse nas seguintes xornadas:

Sábado: Xornada de mañá e tarde.

Domingo: Xornada de mañá.



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



DEPORTE
GALEGO



Publicarase o horario unha vez exposta a listaxe definitiva de participantes.

Art.13).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.14).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Calquera baixa nas 48 horas previas ó inicio do Campionato ou a non participación final, terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2023.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 euros por atleta con datos falsos.
- Inscricións fora de prazo: 3 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada.

Art.15).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 03 de xuño de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo